

## «Quería desacralizar a literatura; tratar o cotián é básico na miña escrita»

[Carolina Sertal](#) 31 de decembro de 2024

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/12/31/jorge-rodriguez-duran-queria-desacralizar-literatura-113019871.html>

Comezou coa poesía e vén de debutar en narrativa en Cuarto de Inverno, tras participar este ano na II Residencia Literaria Illa de San Simón, convocada pola Xunta. O vigués Jorge Rodríguez Durán agarda presentar Carnívoras e domésticas a finais de xaneiro na cidade.

### —Carnívoras e domésticas é o seu debut en narrativa, como nace este libro?

Son contos que tiña escritos dende hai case dez anos e aos que lles din un pulo durante a pandemia, que foi o meu momento de máxima produción. Pero aproveitei este ano para ir a unha residencia literaria en San Simón e rematar todo o que estaba pendente, revisalo e darlle un sentido, darlle un sentido para que fose máis unha colección que unha antoloxía de relatos.

### —Precisamente, quería preguntarlle polo seu paso pola residencia literaria en San Simón, que papel xogou esta experiencia no proceso de creación?

Para mi foi unha pasada. Fun unha semana porque levei un proxecto que eu pensei que sería asumible, non tanto para escribir dende cero, e claro, estar alí sen ter que estar preocupado por cuestións como facer a comida ou recoller a casa, permitíume dispoñer de tempo para revisar e revisar, unha e outra vez, o cal foi un gusto. De feito, o libro en si mesmo nace como tal en San Simón, unha vez que me puxen a ver onde estaban os ocos, que faltaba, que tiña que engadir ou cambiar do texto para que tivera sentido.

### —Este é un libro que pon o foco no cotián, cal é importancia de reparar no detalle á hora de narrar?

Para min, tratar o cotián é básico na miña escrita, tanto en poesía como en narrativa. O que quero facer, o que intentei facer, é crear historias que fosen inofensivas, pero no sentido do cotián, que unha persoa lea o libro e diga: Se alguén escribiu un libro ou unha historia sobre algo tan mundano e pode publicalo, por que eu non podo escribir? Quería desacralizar a literatura, ter en conta que non fai falta que todas as historias sexan sobre cuestións mundiais importantes, senón que tamén o cotián ten unha importancia e un ser, que ao final é o que máis vivimos nas

nosas vidas. Semella que se non escribes, por exemplo, un libro de 800 páxinas sobre a guerra de Ucraia, non hai cabida, cando a realidade é que a maioría das persoas o que vivimos é una vida anódina, na que no cotiá non facemos grandes cousas, pero nas que si hai algo grande e especial.

**—Están por exemplo as emocións, un aspecto que cobra gran protagonismo no libro.**

Si, eu quería xogar moito con esta cuestión emocional e emotiva para deixar que a persoa escollese. Ás veces rematas unha historia ou un libro e ti escolles como tomar a historia, como tomar o que di, se a voz narradora ten razón ou se te enganaron e por iso tamén me gusta xogar moito con esta cuestión emocional e con personaxes malvados ou máis turbios, que se comparta con eles un momento de emotividade e que digas, igual non debería...

**—Carnívoras e domésticas publícase cunha editorial independente galega, que tal está funcionando?**

Para min é unha marabilla publicar en Cuarto de Inverno, non só polo fantástico traballo de edición, senón porque penso que este libro non podería ter atopado mellor final que o de estar nunha colección de adultos como a deles, que ten novela, ensaio, teatro, poesía e, de súpeto, relatos. E unha das cuestións que máis me gusta de Cuarto de Inverno é que ten un punto experimental, ao igual que o relato breve, que permite probar, incluso co formato. Neste senso, tanto o traballo coa editora, Andrea Jamardo, como coa ilustradora, María Montes, foi unha marabilla, porque respecto ás ilustracións, era tal cal eu o visualizaba. Para min este punto tamén é importante, porque a arte é tamén un dos fíos condutores que percorre o libro, eu tiña claro que quería incluír referencias artísticas nel.